

OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA. CPI SAN SADURNIÑO.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE.

1. Dar a oportunidade ao alumnado de manter un contacto directo co “mundo” da creación literaria, e da experiencia do oficio de escribir.
2. Experimentar diversas actividades que provoquen a creación.
3. Xogar coas palabras, como forma agradábel de entrarlle ao mundo da fantasía.
4. Crear un ambiente propicio para a correspondencia creativa entre alumnado e escritor.

CALENDARIO:

Dispuxemos de dez sesións de clase, que foron distribuídas a razón de dúas por día nas seguintes datas: 20, 26 e 28 de Abril; e 4 e 12 de Maio.

DESENVOLVEMENTO:

Contamos cun grupo de 19 rapaces e rapazas de 2º da ESO, co que realizaremos un pequeno obradoiro de escrita literaria.

O maior esforzo e interese noso non foi outro có de que o alumnado fose quen de comprender como é o proceso de creación, cales son os puntos de partida, que camiños se van percorrendo e cantos atrancos podemos atopar dende que nos poñemos a escribir até que decidimos que o noso texto está rematado. Mais tamén, tratándose de momentos nos que os asistentes, evidentemente, non estaban predispostos á escrita creativa, cumpría tamén saber onde e como pode nacer unha historia.

Para iso, ademais do traballo oral imprescindible propuxéronse diversas actividades de creación, máis ou menos lúdicas, tentando crear o ambiente preciso para que as rapazas e rapaces non visen as aulas como unha disciplina, senón coma un momento de creación, aínda sabendo que para algunhas persoas puidese acontecer que non fose o momento máis axeitado. Intentouse variedade e abundancia de exercicios en lugar de repeticións, e de traballar varias veces sobre o mesmo texto. Deixamos as actividades de corrección para as aulas de lingua, se fose isto posíbel.

ACTIVIDADES REALIZADAS.

As actividades propostas foron as seguintes. De cada unha delas se ofrecen varios exemplos, nin os máis selectos nin os menos escollidos, senón aqueles que os seus propios autores entregaron en tempo e hora.

1. Para comezar escribimos as cousas que me gustan e as que non me gustan. Logo escollemos a cousa que máis nos gusta das cousas que nos gustan e recreámonos con esa idea nun pequeno parágrafo.
2. Cantámoslle ao Maio. Cadrando ser o comezo de Maio, demos en escoitar algunhas cantareas do Maio e improvisamos algunhas propias.
3. Acrósticos. Cada rapaz/a fixo un acróstico, elixindo o nome que lle gustaría ter no caso de non ter o nome que ten. Todos comezan por “Eu son fulano pero sería...”

4. Escribimos unha carta contándolle a un amigo/a algo moi importante, pero sen chegar a definilo ou descubri-lo de todo. Unha vez escrita a carta repartíronse, ao chou e de forma anónima, sobres co enderezo de cada un dos rapaces e rapazas do obradoiro. Así cadaquén meteu a carta no sobre e enviouna polo correo postal. O destinatario non sabía quen lle escribía a carta porque se pasaron a computador.
5. Entregóuselle un caramelo a cada asistente e con música d fondo tiñan que escribir o que se lles ocorrese mentres lle durase o caramelo na boca.
6. Escribimos historias compartidas. Entrégaselle a cada rapaz/a un folio con tantas liñas como número de persoas que son máis unha. As liñas están numeradas dende o cero. Cada un escribe na liña número un o que lle veña ao maxín, pero sen ocupar máis ca esa liña, e acabando onde cadre. O tempo está limitado e medido polo profesor. Logo pásase a fola ao compañeiro da dereita. Dáse o tempo suficiente para ler o que escribiu o anterior e tense que continuar con que un queira. E así sucesivamente, até que todos escribiron tantas liñas en tantos folios como xente participante. Por último o folio volve ao rapaz/a de orixe, e despois de ler a historia ponlle o título na liña cero. Ao final teremos tantas historias como participantes nas que todos colaboraron en todas. O último proceso e darlle un bon xeito gramatical e corrixir o que se desexe sen mudala substancialmente.
7. O cadáver exquisito. Realizamos esta brincadeira literaria respondendo ás preguntas, quen, que, onde porque, por iso.
8. Despedida a partida da data de nacemento de cadaquén. Escribíronse as doce palabras máis bonitas que se nos ocorreron no momento. A cada palabra fíxoselle corresponder un número do un ao nove e as dúas quedaron de comodín. A data de nacemento reduciuse, por suma das cifras do día, mes e ano, a tres cifras simples. A folla pasouse logo a outro compañeiro da clase, e este substituíu cada cifra pola palabra correspondente da lista. A continuación con esas tres palabras escribiu a frase máis bonita para lla regalar ao seu compañeiro ou compañeira.

Ao longo de cada experimentación literaria fóronse dando suxestións, e orientacións para mellorar, se for posíbel, a calidade dos textos, así como a creatividade.

Como é de supor, cumpre darlles aos textos unha nova viraxe, mais sábese que o traballo da escrita é moi caristoso e meticuloso, polo que tampouco é demasiado desexábel enlear á rapazada con excesiva corrección que poida provocar unha mingua no entusiasmo, mais ou menos intenso, que cadaquén consegue.

En Ferrol, a 19 de Xuño do 2006.

Antón Cortizas.